

EXPTE: 1L/2015 E.L. OBRA DE: "Adecuación e rehabilitación do parque público do Espiñeiro"

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta do concelleiro de servizos xerais e medioambiente de data 20 de maio de 2015, que a continuación se transcribe:

ASUNTO: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Á vista da proposta desta concellería de servizos xerais e medioambiente de incoación do expediente de contratación das obras de referencia, de data 11/04/2015, que de xeito literal di:

"Outorgada en data 27 de marzo de 2015 a autorización polo Servizo Provincial de costas de Pontevedra dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do Goberno de España, dado que a parcela na que se empra o parque está baixo o ámbito do D. P. M. T., para a execución das obras de referencia.

E en virtude do disposto na autorización referida, as obras unha vez iniciadas, deberán ficar rematadas no prazo de dous (2) meses.

Aprobado o proxecto técnico das obras de referencia, por Resolución da alcaldía de data 10 de abril de 2015, e asinada a correspondente Acta de replanteo na mesma data.

*En base ó anterior, **propoño:***

Primeiro: *Incoar expediente de contratación das obras de "Adecuación e rehabilitación do parque público do Espiñeiro", cun orzamento de execución por contrata de corenta e seis mil catrocentos oitenta e catro con vintenoventa e nove (46.484,29) Euros e dun prazo de execución de dous (2) meses.*

Segundo: Solicitar á empresa HPC IBÉRICA, S.A oferta respecto a execución desta obra e a presentación da documentación necesaria.*****

*Presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, a documentación requirida á empresa "HPC IBÉRICA, S.A. en data 28/04/2015 (entrada nº 3930), **esta concellería propón:***

Adxudicar a execución das obras de "Adecuación e rehabilitación do parque público do Espiñeiro", á empresa "HPC IBÉRICA, S.A", de acordo á oferta presentada, polo importe de CORENTA E SEIS MIL CATROCENTOS OITENTA E CATRO CON VINTENOVA (46.435,81) Euros (IVE engadido), e unha duración de DOUS MESES (2).

Esta alcaldía, resolve:

Primeiro: Adxudicar as obras de "Adecuación e rehabilitación do parque público do Espiñeiro", á empresa "HPC IBÉRICA, S.A", de acordo á oferta presentada, polo importe de *corenta e seis mil catrocentos trinta e cinco con oitenta e un (46.435,81) Euros e dun prazo de execución de dous (2) meses.*

Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 17102 / 63300 por un importe de **46.435,81 Euros (IVE engadido).**

Terceiro: *No prazo máximo de quince (15) días hábiles* a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, **formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo**, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ao ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta alcaldía aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

Cuarto: Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quince (15) días naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

Dada en Sanxenxo a vinte e un de maio de dous mil quince.

A alcaldesa

Catalina González Bea

ante min, secretario xeral

Ángel Luis López Pita